

O AECT Río Miño presenta as súas prioridades á Comisión de Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal

O [AECT Río Miño](#) reuniuse esta semana co presidente e vicepresidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDRN), Antonio Cunha e Beraldino Pinto. Na reunión trataron a [Estratexia do Rio Minho Transfronteirizo](#) 2030 e a necesidade da creación dunha Intervención Territorial Integrada (ITI), un mecanismo da Unión Europea para a xestión dos fondos transfronteirizos. No encontro, no que se presentaron as prioridades do AECT Río Miño, participou o director da entidade, Fernando Nogueira, e a alcaldesa de Tomiño, Sandra González.

Durante a reunión, Nogueira salientou o activo e fundamental papel do AECT na xestión dos fondos europeos. Tamén presentou a dinámica de traballo desenvolto pola entidade transfronteiriza dende a súa constitución en 2018, a nivel de accións, actividades e proxectos, así como o forte impacto que estas tiveron entre a poboación dos concellos do Miño e o recoñecemento que as mesmas están a ter por parte dos membros do Goberno de ambos países.

Entre as prioridades do AECT Río Miño está a aposta pola creación dunha ITI (Intervención Territorial Integrada) para a xestión dos fondos europeos do período 2021-2027

Na xuntanza abordouse a Estratexia do Río Miño transfronteirizo 2030. Subliñouse a súa importancia para a planificación da futura cooperación transfronteiriza entre o sur da provincia de Pontevedra e o Norte de Portugal. Un documento que se presenta como un verdadeiro estudo do territorio, no que se recoñecen as debilidades e potencialidade do mesmo, permitindo deseñar conxuntamente un plan de acción cara o futuro.

A posibilidade de que os territorios tranfronteirizos apliquen a figura da ITI ([Intervención Territorial Integrada](#)) para o período 2021-2027 foi outro dos asuntos abordados, co obxectivo de aprobar un programa de accións de cara o próximo período de fondos comunitarios en colaboración coas Eurociudades do Río Miño- [Eurocidade Cerveira-Tomiño](#), [Valença-Tui](#) e [Monção-Salvaterra](#)-. Como exemplo presentouse o proxecto do Parque da Amizade Cerveira – Tomiño, inserido na Rede de Recursos Verdes Transfronteirizos do Río Minho. O AECT Río Miño foi creada en 2018, comprende un total de 26 municipios portugueses e galegos –xunto coa [Deputación de Pontevedra](#)– e ten, entre os seus obxectivos primordiais, a defensa e resolución de problemas relacionados coa mobilidade transfronteiriza para o desenvolvemento conxunto do territorio

